


Sumario | nº45 – Marzo 2025

EDIUS **NOVAS**

Entregados os Premios
Valentín Paz Andrade



EDIUS **NOVAS**

Avaliación
e planificación da
EDIUS respectando
o Sistema
de Garantía
de Calidade



EDIUS **NOVAS**

Fronteiras do
Coñecemento,
premios que
distinguen os avances
en varias áreas do
coñecemento



IN MEMORIAM

Agradecemento
a Carmela Martínez



EDIUS **NOVAS**

A Fundación José
Otero–Carmela
Martínez destinou
71 mil euros a axudas
para o alumnado de
doutoramento
desde 2022



EDIUS **NOVAS**

Unha guía recolle
as medidas e boas
prácticas para
mellorar as carreiras
das docentes e
investigadoras (PDI)



EDIUS **NOVAS**

A EDIUS actualiza os
modelos de altas no
registro de persoas
directoradas de tese



EDIUS

A muller
na EDIUS



ENTREVISTA

Victoria Otero

Nova presidenta da Real
Sociedade Matemática
de España

«Unha comunicación
aberta é clave para
que as persoas
doutorandas se sintan
cómodas e favorecer
a retroalimentación
construtiva do seu
traballo»



EDIUS **NOVAS**

A Cátedra Economía da
Ciberseguridade lanza unha
newsletter coa súa programación
de eventos e seminarios



EDIUS NOVAS

A muller na EDIUS

Paridade case total entre mulleres e homes doutorandos na última década

Na última década, máis de 7.500 persoas se matricularon na EDIUS para desenvolver a súa tese de doutoramento. Son datos totais de matriculacións nalgún dos programas regulados polo RD 99/2011 desde o curso 2013-2014. Se analizamos estes números por sexo, vemos que a paridade está cerca. A cifra de mulleres doutorandas supera lixeiramente a de homes, representando elas o 52,3%. As mulleres son máis nas áreas de Ciencias da Saúde (63%), Artes e Humanidades (53,3%) e Ciencias Sociais e Xurídicas (52,5%). Sen embargo, o número de homes é maior en Enxeñaría e Arquitectura (65,3%) e Ciencias (61,6%).

No tocante os membros que compoñen os tribunais de tese, existe unha paridade case total entre homes e mulleres, tanto no papel de presidente/a, secretario/a como vogal. Concretamente, eles foron 3.611 e elas, 3.589. Onde a diferenza é maior é nas persoas que dirixiron as teses de doutoramento. Na última década, só un 33,2 por cento de mulleres dirixiron teses na USC.

Total doutorandos/as matriculados/as con independencia de defensa, baixa ou que sigan

Homes	3582
Mulleres	3930
Total	7512

Artes e Humanidades		1.508
Homes	704	
Mulleres	804	
Ciencias		1.174
Homes	724	
Mulleres	450	
Ciencias da Saúde		2.281
Homes	833	
Mulleres	1.448	
Ciencias Sociais e Xurídicas		1.923
Homes	912	
Mulleres	1011	
Enxeñaría e Arquitectura		626
Homes	409	
Mulleres	217	
Total Xeral		7.512

Total teses defendidas

Artes e Humanidades		399
Homes	199	
Mulleres	200	
Ciencias		502
Homes	303	
Mulleres	199	
Ciencias da Saúde		852
Homes	312	
Mulleres	540	
Ciencias Sociais e Xurídicas		480
Homes	238	
Mulleres	242	
Enxeñaría e Arquitectura		238
Homes	160	
Mulleres	78	
Total Xeral		2.471

[↩ Ir ao sumario](#)

Tribunais de teses

Presidente/a	
Homes	1.241
Mulleres	1.166
En branco	21
Total	2.428

Secretario/a	
Homes	1.177
Mulleres	1.217
En branco	34
Total	2.428

Vogal	
Homes	1.193
Mulleres	1.206
En branco	29
Total	2.428

Presidente/a (por áreas)	
Artes e Humanidades 391	
Homes	201
Mulleres	186
En branco	4
Ciencias 494	
Homes	300
Mulleres	193
En branco	1
Ciencias da Saúde 842	
Homes	355
Mulleres	477
En branco	10
Ciencias Sociais e Xurídicas 472	
Homes	236
Mulleres	230
En branco	6
Enxeñaría e Arquitectura 229	
Homes	149
Mulleres	80
En branco	0
Total Xeral	2.428


Secretario/a (por áreas)	
Artes e Humanidades 391	
Homes	197
Mulleres	192
En branco	2
Ciencias 494	
Homes	273
Mulleres	217
En branco	4
Ciencias da Saúde 842	
Homes	332
Mulleres	494
En branco	16
Ciencias Sociais e Xurídicas 472	
Homes	225
Mulleres	240
En branco	7
Enxeñaría e Arquitectura 229	
Homes	150
Mulleres	74
En branco	05
Total Xeral	2.428

Vogal (por áreas)	
Artes e Humanidades 391	
Homes	196
Mulleres	190
En branco	5
Ciencias 494	
Homes	287
Mulleres	203
En branco	4
Ciencias da Saúde 842	
Homes	329
Mulleres	500
En branco	13
Ciencias Sociais e Xurídicas 472	
Homes	229
Mulleres	237
En branco	6
Enxeñaría e Arquitectura 229	
Homes	152
Mulleres	76
En branco	1
Total Xeral	2.428

Directores/as de teses defendidas

Directores/as	
Homes	2.778
Mulleres	1.385
Total	4.163

Directores/as	
Artes e Humanidades	
	546
Homes	352
Mulleres	194
Ciencias	
	873
Homes	660
Mulleres	213
Ciencias da Saúde	
	1.602
Homes	1.071
Mulleres	531
Ciencias Sociais e Xurídicas	
	714
Homes	421
Mulleres	293
Enxeñaría e Arquitectura	
	428
Homes	274
Mulleres	154
Total Xeral	4.163



EDIUS NOVAS

A EDIUS actualiza os modelos de altas no rexistro de persoas directoras de tese

O Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, en consonancia co establecido no RD 99/2011, establece cales son os requisitos de experiencia investigadora necesarios para asumir a dirección dunha tese de doutoramento. Por iso, a USC ten habilitado un rexistro para dar de alta ás persoas que poden dirixir este tipo de investigación.

Este proceso de alta contempla dúas modalidades diferentes:

- Mediante a acreditación dun sexenio ou méritos equiparables. Esta modalidade permite a dirección dunha tese en solitario ou a codirección de teses na USC.
- Mediante a acreditación dun dos méritos recollidos no artigo 26.5 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC. Isto permite asumir a dirección de teses dun doutorando/a que xa ten outra persoa directora cun sexenio ou méritos equiparables.

A asignación de persoas directoras de teses a cada estudante de doutoramento é competencia da CAPD, polo que no caso de ser necesaria unha alta no rexistro de posibles per-

soas directoras é este órgano quen debe realizar a solicitude á EDIUS mediante o modelo dispoñible.

Así mesmo, existen outros dous supostos nos que é necesario que a CAPD realice unha solicitude á Escola previa á asignación dunha persoa como directora de tese. Estes supostos son:

- Para nomear unha terceira persoa directora.
- Para a incorporación dunha persoa directora a un doutorando/a que leva máis de 36 meses nos casos de dedicación a tempo completo ou de 63 meses se a súa dedicación é a tempo parcial.

[Nesta ligazón](#) veñen recollidos os formularios que é necesario que a CAPD presente á Escola dependendo de cada casuística.

Non é necesario tramitar ningunha solicitude á EDIUS para a substitución dunha persoa directora de tese, con independencia do tempo transcorrido por parte do doutorando/a cando esta persoa xa está dada de alta no rexistro de directores.

EDIUS NOVAS

Avaliación e planificación da EDIUS respectando o Sistema de Garantía de Calidade

Consulta [aquí](#) o manual do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Universidade

O **Sistema de Garantía de Calidade** (SGC) da EDIUS ten carácter centralizado, isto é, abarca todos os programas de doutoramento oficiais adscritos á Escola. O SGC contempla desde o deseño da oferta formativa, até a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, pasando pola toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, este sistema recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da Universidade e da propia EDIUS, e a revisión periódica do seu funcionamento, coa fin de garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese. Estas son as súas principais funcións e obxectivos:

- Definir a planificación estratéxica da Escola, concretada a través do plan estratéxico (PE) e a memoria de calidade da EDIUS.
- Proponer aos membros que elaborarán o Plan Estratéxico.
- Comprometerse coa política e obxectivos de calidade da EDIUS, dándolles a difusión oportuna entre os grupos de interese.
- Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGC.
- Nomear ao responsable de calidade da EDIUS, sempre que o director ou directora non asuma as competencias.
- Garantir o bo funcionamento do SGC da Escola.
- Informar a todas as persoas da EDIUS da existencia deste sistema dos cambios que nel se realicen.
- Garantir que todas as persoas teñan acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
- Informar ao Comité de Dirección dos traballos e acordos da Comisión de Calidade da EDIUS.

A Comisión de Calidade da EDIUS é o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC da Escola, actuando ade-

mais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros. Son membros da Comisión:


- O director ou directora da Escola, que a convocará e presidirá.
- O secretario ou secretaria da Escola, que tamén o será da Comisión de Calidade.
- Os catro subdirectores ou subdirectoras de Escola (coordinadores de calidade)
- Oito coordinadores/as dos programas de doutoramento, dous por cada Sección da EDIUS, que pertencerán preferentemente a áreas de coñecemento diferentes.
- Catro doutorandos ou doutorandas matriculados nos programas de doutoramento

adscritos á EDIUS. Un pertencente a cada sección da EDIUS.

- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os representantes dos apartados d), e) e f) son elixidos polo Comité de Dirección.

Este sistema obedece á necesidade de que a ensinanza universitaria superior debe posuír mecanismos que lle permitan tanto detectar as necesidades dos seus grupos de interese – estudantado, cidadanías, empregadores/as e comunidade universitaria– como idear innovadoramente novas formas de contribuír ao establecemento dunha sociedade máis xusta, democrática e igualitaria.



EDIUS NOVAS

A Fundación José Otero–Carmela Martínez destinou 71 mil euros a axudas para o alumnado de doutoramento desde 2022

FUNDACIÓN

José Otero - Carmela Martínez

O convenio coa EDIUS contempla achegas para alumnado con poucos recursos económicos

O 11 de decembro de 2020 asinouse un convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Fundación José Otero-Carmela Martínez coa finalidade de poñer en marcha axudas para o fomento da investigación doutoral e promoción da empregabilidade daquelas persoas con poucos recursos económicos matriculadas nun programa de doutoramento da USC. Desde aquela, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC, a través da súa Escola de Doutoramento Internacional, leva convocadas tres edicións de “Axudas José Otero-Carmela Martínez”, coa vocación de apoiar a realización de teses de doutoramento de calidade, con independencia das circunstancias socioeconómicas do estudiantado.

Nas tres convocatorias realizáronse achegas económicas, até un máximo de 3.000 euros por persoa beneficiaria, para catro tipos de actividades académicas correspondentes co nivel da investigación doutoral: pago da matrícula anual; realización de estadias de investigación de até tres meses de duración en centros de prestixio; asistencia a congresos de relevancia científica tanto nacionais como internacionais; e, finalmente, a adquisición de material tecnolóxico, como gravadoras, micrófonos, ordenadores, unidades de almacenamento externo, etc.

A selección das persoas beneficiarias corre a cargo dunha Comisión que conta con representantes de ambas as dúas partes colaboradoras, logo de aplicarse un primeiro filtro técnico baseado nos criterios de elixibilidade establecidos na convocatoria, como son atoparse nun limiar de renda determinado, estar empadroadado ou empadroadada nun concello galego, e ter avaliados

[↩ Ir ao sumario](#)

positivamente os estudos de doutoramento que se están a cursar na USC. Posteriormente, as solicitudes valraranse en función de parámetros socioeconómicos e de excelencia académica acreditados por cada unha das persoas candidatas, elaborando unha orde de prelación e concesión das achegas económicas.


ALGÚN DATOS

A Número de alumnos beneficiarios e importes achegados

	2022	2023	2024	TOTAL
Número beneficiarios	27	21	16	64
Núm. solicitudes de abono de matrícula	26	20	16	62
Núm. solicitudes de estadias	3	6	1	10
Núm. solicitudes de congresos	14	11	6	31
Núm. solicitudes de material informático	14	12	6	32

	2022	2023	2024	TOTAL
Importes matrícula	5.200	4.000	3.200	12.400
Importes estadias	5.100	7.300	1.700	14.100
Importes congresos	4.630	3.308	6.675	14.613
Importes material informático	11.900	11.841	6.300	30.041
Total importes financiados	26.830	26.449	17.875	70.954

B — **Distribución por grandes áreas**



Cabe destacar a importante representación dos estudantes de Ciencias e Enxeñarías na primeira anualidade, na súa meirande parte matriculados e matriculadas en programas de doutoramento de Química. Nas dúas restantes anualidades destacaron os estudantes da área de Ciencias Sociais e Xurídicas, neste caso cunha representación máis heteroxénea, onde a contribución principal proveu dos programas de doutoramento de Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde; e de Comunicación e Información Contemporánea. Na convocatoria de 2024 non houbo solicitantes da área de Artes e Humanidades.

De xeito análogo, os importes que recibiron cada un dos programas de doutoramento pertencentes ás grandes áreas de coñecemento foi o seguinte:

Anualidade	Artes Humanidades	Ciencias da Saúde	Ciencias e Enxeñarías	Ciencias Sociais e Xurídicas	Total xeneral
2022	7.260	4.720	9.960	4.690	26.630
2023	2.098	3.724	10.350	10.277	26.449
2024		2.010	5.100	10.765	17.875
TOTAL POR ANO	9.358	10.454	25.410	25.732	70.954

TESES DEFENDIDAS QUE RECIBIRON FINANCIAMIENTO

ANUALIDADE 2022

CIDRÁS FUENTES, ALDARA. “A xudicialización da violencia golpista. Unha mirada transversal á administración de xustiza entre 1930 e 1942” (2023). Tese de doutoramento dirixida por Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho. [Ver tese.](#)

AMBROA CONDE, ADRIÁN. “Epigenética: desarrollo de nuevas aplicaciones en genética forense” (2023). Tese de doutoramento dirixida por María Victoria Lareu Huidobro e Ana María Freire Aradas. [Ver tese.](#)

ARÁN TAPIA, ISMAEL. “Mathematical modeling of the vestibular system: a path to personalized medicine” (2023). Tese de doutoramento dirixida por Alberto Pérez Muñuzuri e Andrés Soto Varela. [Ver tese.](#)

FERRÓN LEA, DAVID. “Mediadaptación. La adaptación posliteraria en la actualidad” (2024). Tese de doutoramento dirixida por Ángel Eugenio Abuín González e Paulo Antonio Gatica Cote. [Ver tese.](#)

DUONG, THI KIM THOA. “Eco-Innovations For Advanced Pulmonary Drug Delivery: Beclomethasone Dipropionate- Loaded Alginate Particles By Supercritical and Aerogel Technologies”. (2024). Tese de doutoramento dirixida por Carmen Isabel Álvarez Lorenzo, e Carlos Alberto García González. [Ver tese.](#)

ANUALIDADE 2023

MILA MALDONADO, JUAN ARTURO. “Agenda mediática y encuadres en el contexto de la crisis sanitaria del COVID-19 en el Cono Sur de América. Cobertura informativa en prensa y en Twitter en Argentina, Chile y Uruguay (2020-2022). (2024). Tese de doutoramento dirixida por José Soengas Pérez. [Ver tese.](#)

IN MEMORIAM

Agradecemento a Carmela Martínez

A Fundación José Otero e Carmela Martínez brindou un valioso apoio á nosa Universidade nos últimos anos, beneficiando directamente á Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS). Grazas á sensibilidade e compromiso da súa presidenta, D^a Carmela Martínez, recentemente falecida, traballouse para garantir que as dificultades económicas non sexan un obstáculo para a formación dos nosos doutorandos e doutorandas. O seu esforzo permitiu que, a través do respaldo económico da Fundación, a EDIUS establecese un programa de axudas destinado a aqueles estudantes de doutoramento con menores recursos financeiros.

Este programa permitiu, ao longo da súa existencia: cubrir os custos da matrícula anual nos estudos de doutoramento; facilitar a asistencia a congresos e conferencias para a difusión das investigacións doutorais; complementar a formación investigadora mediante estadias en centros de investigación y financiar a adquisición de material informático necesario para a realización das investigacións e a redacción das teses doutorais.

Por todo isto, queremos expresar o noso máis sincero agradecemento á Fundación José Otero e Carmela Martínez e, de maneira especial, á súa querida presidenta, D^a Carmela (in memoriam). O seu inestimable labor de mecenado non só beneficiou á nosa Universidade, senón tamén a moitas outras institucións. Desexamos que o seu legado continúe vivo e presente, a pesar da súa ausencia.

Descanse en paz.

EDIUS **NOVAS**

Unha guía recolle as medidas e boas prácticas para mellorar as carreiras das docentes e investigadoras (PDI)

En 2024 editouse unha Guía de medidas e boas prácticas para mellorar as carreiras das docentes e investigadoras (PDI) da USC. Trátase dun manual dirixido ás mulleres docentes e investigadoras e aos equipos de goberno da USC e dos seus centros. O obxectivo desta guía é ofrecer un recurso inmediato para botar luz sobre diversas medidas e boas prácticas que melloren as carreiras investigadoras, posibilitando a conciliación e mellorando a competitividade.

Trátase dunha iniciativa impulsada pola Oficina de Igualdade de Xénero (OIX) e o Centro Interdisciplinario de Investigacións de Estudos de Xénero (CIFEX) para contribuír a que as condicións laborais e materiais das mulleres da USC sexan as máis axeitadas para desenvolver a súa actividade profesional. O primeiro que se fixo foi elaborar unha diagnose sobre a fenda salarial e o seu impacto na carreira das investigadoras. Este informe achegou conclusións e datos moi significativos que conectan coa segregación vertical e horizontal, a fenda salarial ou as dificultades á hora de combinar as carreiras académicas cos coidados.

AMPLIAR A DIFUSIÓN DO NOVO PROTOCOLO FRONTE AS VIOLENCIAS SEXUAIS E O ACOSO

Comisións de Igualdade dos centros, centros de investigación, ademais de cadros directivos do Servizo Universitario de Residencias, reuníronse o pasado 19 de febreiro nun encontro

[↩ Ir ao sumario](#)

Medidas e boas prácticas para mellorar as carreiras das docentes e investigadoras (PDI) da USC.

Conciliación e competitividade.

2024



para abordar a necesidade de intensificar e aumentar a difusión do novo 'Protocolo fronte as violencias sexuais e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade ou expresión de xénero' na USC, unha das ferramentas da institución para garantir os dereitos das persoas acosadas e detectar e combater situacións de acoso.

O Protocolo fronte as violencias sexuais e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade ou expresión de xénero na USC aprobouno o Consello de Goberno na sesión ordinaria de 25 de outubro do 2024. O protocolo é a resposta da USC para crear un marco normativo e de políticas activas para garantir os dereitos das persoas acosadas e detectar e combater as situacións de acoso.

O obxectivo agora é acadar unha axeitada difusión entre toda a comunidade universitaria. Este novo Protocolo introduce importantes novidades como a definición de agresión sexual e acoso sexual, a ampliación do ámbito subxectivo e a determinación da necesidade de aprobar unha Política Institucional sobre as violencias sexuais e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade ou expresión de xénero.

Este encontro tamén serviu para determinar cuestións relativas ao fluxo de traballo conducente á elaboración do novo Plan Estratéxico de Igualdade, que será o cuarto e dará relevo ao que estivo vixente entre 2021 e 2024.

A xuntanza estivo coordinada pola Delegada do Reitor para a Igualdade, Sonia E. Rodríguez Boente, quen se referiu ao Protocolo indicando a necesidade de aumentar o seu grao de coñecemento no conxunto da comunidade universitaria. Rodríguez Boente salientou tamén a boa disposición e vontade de traballo das comisións para afrontar a elaboración do novo Plan Estratéxico de Igualdade.

Toda a información sobre o protocolo así como unha guía fronte ao acoso sexual, o modelo para a presentación de instancias, o procedemento ou o formulario para a presentación de denuncias está [dispoñible na web](#).

EDIUS **NOVAS**

Entregados os Premios Valentín Paz Andrade

Premiáronse traballos destacados en dúas categorías: tese de doutoramento e artigo científico, tamén recoñecido cun *accésit*.



O Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDE-GA) da USC e o Consello Económico e Social de Galicia (CES) entregaron o pasado 28 de febreiro en San Xerome os XI Premios de Investigación en Economía de Galicia Valentín Paz Andrade, nas modalidades de tese de doutoramento e artigo científico, categoría esta última na que tamén se concedeu un *accésit*.

Na modalidade de teses de doutoramento, recolleu o premio Fernando de la Torre Cuevas pola súa investigación “Expanding hybrid approaches to construct (Inter)regional input-output models”. O xurado estimou “a calidade metodolóxica da investigación, que combina dous modelos de análise clásicos en economía, pero ben diferenciados”.

Por unha banda, abórdase un estudo teórico baseado na economía rexional, “cun manexo moi destacado dos conceptos e das últimas

actualizacións rexistradas neles”. Por outra, a tese realiza na segunda parte unha aproximación de base matemática, “complexa e impecable”, ao cálculo das táboas *input-output* de alcance rexional.

O premio a traballos publicados foi para o artigo “Estimating illegal catches in data-poor S-fisheries: Insights from multispecies shellfish poaching in Galician small scale fisheries”, da autoría de Hugo M. Ballesteros, Eduardo Sánchez Llamas e Gonzalo Rodríguez Rodríguez e publicado este ano na revista *Marine Policy*. Ademais, na categoría de artigos científicos o xurado coincidiu en outorgar un *accésit* a Rubén Boga e Valerià Paül por “Because of its size, it’s not worth it!”: The viability of small-scale geographical indication schemes”, publicado na revista *Food Policy*. O traballo aborda o estudo comparativo de dúas Indicacións Xeográficas Protexidas de queixo de Galicia e Eslovenia.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Fronteiras do Coñecemento, premios que distinguen os avances en varias áreas do coñecemento

PREMIOS FRONTERAS DEL CONOCIMIENTO

Máis información
[nesta ligazón](#)

Os Premios Fronteiras do Coñecemento, convocados pola Fundación BBVA, distinguen avances fundamentais, disciplinares ou interdisciplinares, nun amplo dominio do mapa do coñecemento do século XXI. As áreas obxecto desta familia de galardóns son:

- Ciencias Básicas (Física, Química, Matemáticas)
- Bioloxía e Biomedicina
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación
- Cambio Climático e Ciencias do Medio Ambiente
- Economía, Finanzas e Xestión de Empresas
- Humanidades
- Ciencias Sociais
- Música e Ópera


Os Premios Fronteiras do Coñecemento, convocados pola Fundación BBVA, distinguen avances fundamentais, disciplinares ou interdisciplinares, nun amplo dominio do mapa do coñecemento do século XXI. As áreas obxecto desta familia de galardóns son:

A dotación dos Premios Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento é, en cada unha das súas categorías, de 400.000 euros, un diploma e un símbolo artístico.

As persoas candidatas poderán ser nomeadas polas seguintes institucións, entre outras: sociedades ou organizacións científicas ou artísticas; academias científicas ou culturais nacionais ou rexionais; centros públicos ou privados de I+D; facultades, departamentos ou institutos universitarios ou de investigación e ensino, etc.

Unha mesma organización, institución ou nominador/a individual poderá presentar máis dunha candidatura, sen límite de número, pero non a un mesmo candidato/a para distintas categorías.

As candidaturas e a súa documentación poderán ser presentadas até as 16 horas GMT do 30 de xuño de 2025, exclusivamente en lingua inglesa, a través do formulario dispoñible no sitio web dos Premios Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento no seguinte enderezo: premiosfronterasdelconocimiento.es

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

A Cátedra Economía da Ciberseguridade lanza unha newsletter coa súa programación de eventos e seminarios



**Cátedra Economía
de la Ciberseguridad**
USC-INCIBE

Podedes subscribirvos á newsletter da Cátedra [neste formulario](#).


A Cátedra Economía da Ciberseguridade USC-INCIBE (CECOCIB) lanzou o pasado mes un novo servizo de Newsletter. Este boletín ofrecerá información detallada sobre as actividades e novidades da Cátedra, a programación de eventos e seminarios previstos nos vindeiros meses, así como as principais noticias internacionais en materia de ciberseguridade.

O obxectivo desta ferramenta é innovar na comunicación para fortalecer o traballo realizado desde a Cátedra e proporcionar unha canle informativa útil e accesible para toda a comunidade.

A Cátedra Economía de la Ciberseguridad USC-INCIBE é unha iniciativa multidisciplinar que busca abordar as complexidades da seguridade dixital desde unha perspectiva integral. Este proxecto, promovido por equipos de investigación e docencia das universidades de Santiago de Compostela e Vigo, ten como obxectivo principal crear un ecosistema ciberseguro e sostible, enfocado nas persoas e nas empresas como axentes clave para afrontar os retos que supón a cotorna dixital.

CECOCIB busca fortalecer a confianza e a integridade no ámbito dixital, consolidando a ciberseguridade como un elemento esencial para o desenvolvemento económico, social e cultural. A través da formación, a investigación e a transferencia de coñecemento, esta cátedra busca xerar impacto e visibilidade no ámbito da ciberseguridade, tanto a nivel nacional como internacional.

[↩](#) Ir ao sumario



Formación

Actividades Marzo 2025

Investigación cualitativa apoiada polo software ATLAS.ti

7, 14 e 21 de marzo de 2025

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matriculación: do 21 ao 28 de febreiro de 2025

Horario: 9:30h a 13:30h

Bases de datos relacionais e non relacionais para investigación en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas

10, 11, 13, 18 e 20 de marzo de 2025

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matriculación: do 24 de febreiro ao 3 de marzo de 2025

Horario: de 12:00h - 14:00h

Three Minute Thesis: O pitch como ferramenta para unha comunicación científica eficaz

11 e 13 de marzo de 2025


Facultade de Ciencias da Comunicación, Aula R1, Campus Norte, Santiago de Compostela

Matriculación: do 27 de febreiro ao 6 de marzo de 2025

Horario: de 16:00h - 20:00h

*Trátase da mesma actividade. As persoas doutorandas deberán elixir un dos días para matricularse.

 [Ir ao sumario](#)



Formación

Actividades

Marzo 2025

Introducción á análise da mediación, moderación e mediación moderada coa macro PROCESS para SPSS

18 e 19 de marzo de 2025

Facultade de C.C Económicas e Empresariais (Aula Informática 3)

Matricula: do 4 ao 11 de marzo de 2025

Horario: de 09:30h a 14:00h

Seminario: “Research and Getting it Published”

24 e 25 de marzo de 2025

Facultade de Ciencias Económicas, Aula 33, Campus Norte

Matricula: do 19 de febreiro ao 12 de marzo de 2025

Horario: Luns 24 de marzo, de 15:30 a 19:30h (4h) e martes 25 de marzo, de 10:00 a 14:00h e de 15:30 a 17:30h (6h)

Competencias en Información para a investigación. Nivel Experto 2a ed (Santiago e Lugo)


25 de marzo a 30 de abril de 2025; Sesións presenciais: martes 01 abril e martes 08 de abril de 2025

Campus Virtual USC e dúas sesións presenciais en SANTIAGO no Salón de Graos da Facultade de Dereito; en LUGO: Sala de reunións-Área de Goberno (Edificio Intercentros)

Matricula: do 11 ao 18 de marzo de 2025

Horario: sesións presenciais: de 10:00h a 13:00h (simultáneas SANTIAGO e LUGO)

 [Ir ao sumario](#)



Formación

Actividades Marzo 2025

Introdución á regresión

25 e 28 de marzo e 4 e 11 de abril de 2025

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matriculación: do 11 ao 18 de marzo de 2025

Horario: de 10:00h a 13:00h

As patentes como elemento de valor estratéxico: Ciencias e Enxeñarías

27 de marzo, 3, 10 e 24 de abril e 8 e 15 de maio de 2025

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matriculación: do 13 ao 20 de marzo de 2025

Horario: de 9:30h a 11:30h

ENTREVISTA



Victoria Otero Espinar

Nova presidenta da Real Sociedade Matemática de España

«Unha comunicación aberta é clave para que as persoas doutorandas se sintan cómodas e favorecer a retroalimentación construtiva do seu traballo»

A profesora e investigadora Victoria Otero Espinar é nova presidenta da Real Sociedade Matemática Española (RSME). Doutora en Matemáticas pola USC, Otero Espinar conta cunha ampla traxectoria académica e de xestión, sendo vicerreitora de Titulacións da universidade compostelá e decana da Facultade de Matemáticas.

As súas liñas de investigación encádranse no eido das ecuacións diferenciais e en diferenzas, sistemas dinámicos e biomatemáticas. É autora de preto de 60 artigos científicos e participou en máis de 40 proxectos de I+D financiados en convocatorias públicas europeas, estatais e autonómicas.

Como está a investigación matemática no momento actual?

A investigación matemática está nun momento emocionante, cheo de oportunidades e desafíos. Como ciencia segue abríndose paso con novos retos e problemas abertos, aínda sen resolver, que son o motor de novas investigacións.

Doutra banda, a interdisciplinariedade permitiu a integración das matemáticas con campos como a bioloxía, a medicina, a física, a informática, as ciencias sociais... A investigación básica en matemáticas non se limita a proporcionar ferramentas ás demais disciplinas, senón que en moitas ocasións tamén se nutre dos problemas que proceden doutros campos

Estamos a atravesar un momento crucial, no que a ciencia e a tecnoloxía están a reformar o noso mundo de maneiras que antes só podíamos imaxinar e neste contexto, a investigación matemática xogou e xoga un papel fundamental. Tamén están a xurdir cuestións éticas en áreas como a intelixencia artificial, nesgos ou desinformación que a investigación matemática está a axudar a combater.

Algunha diferenza coa investigación noutros eidos do coñecemento?

Como comentaba, os grandes avances en ciencia e tecnoloxía transformaron rapidamente moitos aspectos da nosa vida. Destacan, por citar algunhas, áreas como a intelixencia artificial e a aprendizaxe automática, a biotecnoloxía e a medicina, a nanotecnoloxía, as enerxías renovables, a

computación cuántica, a exploración espacial ou o Internet das Cousas. Aínda que os avances son prometedores tamén presentan desafíos éticos e sociais que deben ser xestionados coidadosamente.

Quizais é deformación profesional, pero cando miro esta lista eu vexo detrás algoritmos, modelización matemática, sistemas dinámicos, xeometría, criptografía, álgebra, estatística, optimización... As matemáticas están detrás dos extraordinarios avances en todas estas áreas. Achegan unha base sólida que permite desenvolver, optimizar e garantir a fiabilidade en moitos dos desafíos nestes campos.

Algũa recomendación aos directores e directoras de tese?

É difícil dar recomendacións tendo en conta que cada tese e cada doutorando é diferente.

Para min, manter unha comunicación aberta e accesible é clave para que as persoas doutorandas se sintan cómodas ao expor preguntas e preocupacións, e para favorecer unha retroalimentación construtiva do seu traballo.

Considero que é esencial fomentar a súa autonomía, para axudarlles a crecer como investigadores e investigadoras. É importante guiar mentres se lles permite desenvolver a súa propia voz e estilo de investigación. Tamén é clave estimular a colaboración con outros investigadores e grupos para enriquecer a experiencia do doutorando/a e abrir novas oportunidades de aprendizaxe. Opino, ademais, que é fundamental apoiar o seu desenvolvemento profesional, axudándolles a identificar oportunidades.

E que lles dirías ás persoas doutorandas?

En primeiro lugar, que sexa proactivo na súa investigación.

A etapa predoutoral é un período moi ilusionante pero ao mesmo tempo moi duro. A investigación é un proceso cheo de altibaixos e hai que xestionar situacións e momentos difíciles. Por iso é importante manter a curiosidade e a ilusión por seguir aprendendo e non desanimarse polos fracasos, xa que son parte da aprendizaxe. Por moi pequenos que sexan, hai que recoñecer e celebrar os logros acadados no camiño.

Tamén é unha etapa de traballo intenso. É fácil deixarse levar pola carga de traballo e o ambiente, pero é importante coidar do benestar persoal. Cada un debe intentar xestionar o seu tempo mantendo o enfoque nos obxectivos, pero asegurando o equilibrio da vida persoal e profesional.

 [Ir ao sumario](#)



Teses

Febreiro 2025

O desenvolvemento dos territorios de montaña das serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro (1975-2015): enfoques institucionais, políticas públicas e percepcións comunitarias

MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

Director/es: Valerià Paül Carril

PD: Historia, Xeografía e Historia da Arte

Data: 03/02/2025 - Presencial

Análisis de los factores de riesgo de desarrollo de carcinoma de células escamosas cutáneo de cabeza y cuello, con especial atención a las mediciones ambientales de gas radón y a las emisiones naturales de radiación gamma

IVÁN COUTO GONZÁLEZ

Director/es: Abel García García, Juan Miguel Barros Dios

PD: Investigación Clínica en Medicina

Data: 05/02/2025 - Presencial

Resumo:

Esta investigación aborda a ordenación, planificación e desenvolvemento territorial nas Serras de Queixa, San Mamede e Montes do Invernadeiro, un macizo montañoso no sueste de Galicia, desde os anos 1970 ata a actualidade. O estudo céntrase nas interaccións entre a comunidade local e os procesos impulsados polas administracións, adoptando un enfoque cualitativo baseado en entrevistas semiestruturadas para reflectir as perspectivas locais. A investigación suxire un modelo alternativo de desenvolvemento autocentrado, baseado nos testemuños recollidos. Este modelo implicaría fortalecer o sector primario como eixo central, reformular o turismo para adaptalo ao contexto local e reconfigurar a xestión dos espazos protexidos. A proposta inclúe transformar a Zona de Especial Conservación ZEC do Macizo Central nun Parque Natural ampliado, integrando os Montes do Invernadeiro co resto do macizo. En síntese, a tese destaca a necesidade dun enfoque inclusivo e adaptado ás realidades locais para superar os retos socioeconómicos e ambientais desta área montañosa.

Resumo:

La tesis se marca cimo objetiv. establecer la incidencia de CCEC de cabeza y cuello en el área sanitaria de la Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela y Barbanza (XXIS). Determinar qué factores actúan como de riesgo para el desarrollo de CCEC de cabeza y cuello. Algunos de estos factores han sido estudiados previamente, pero otros, como los niveles ambientales de gas radón o la media de radiaciones gamma naturales en el municipio de residencia, han sido escasamente estudiados, o no han sido nunca analizados. Por otra parte, se pretende averiguar qué factores pronósticos influyen en el desarrollo de estadios avanzados de la enfermedad NCCNº.

[↩ Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en febreiro

Prácticas de conservación para suelos degradados: contribución para mejorar su calidad, productividad, mitigar el cambio climático y la seguridad alimentaria, en Paraguay

CARLOS JAVIER VILLALBA MARTÍNEZ

Director/es: Agustín Merino García,
Jorge Dionisio Etchevers Barra

PD: Ciencias Agrícolas
e Medioambientais

Data: 06/02/2025 - Virtual

Descifrando el rol de la inflamación en la hipertrofia del ligamento amarillo: mecanismos moleculares y estrategias terapéuticas

ALFONSO CORDERO BARREAL

Director/es: Julio Manuel Maside
Rodríguez, Oreste Gualillo, Jesús Pino
Mínguez

PD: Medicina Molecular

Data: 06/02/2025 - Presencial

Resumo:

Esta investigación aborda las prácticas de conservación de suelos degradados contribucion para mejorar la calidad productividad mitigar el cambio climatico y la seguridad alimentaria en Paraguay.

Resumo:

